

**ENSEMBLE PROTEGEONS  
NOTRE  
ENVIRONNEMENT  
RECUPERONS TOUTES LES PILES**



Anque quantitativamente as pilas representan unha porcentaxe moi pequena do lixo (da orde do 0,15%), son moi importantes desde o punto de vista ambiental polo seu contido en substancias altamente contaminantes (mercurio, cadmio,...). Pesie ó silencio das Administracións, o labor dos grupos ecoloxistas, cabo do de difusión dos medios de comunicación, xeraron unha alta sensibilidade social sobre o tema, da que é proba a activa resposta que acompaña calquer intento de recollida selectiva de pilas. A esta ten que seguir, inevitablemente, a valorización (ou, cando menos, inertización) do contido das pilas, e como, ata o de agora, as Administracións, ou non o facían, ou o dificultaban, os sucesivos intentos resultaban frustantes, máxime cando as pilas, xa xuntas e nun lugar inadecuado, convertíriense nun foco aínda máis importante de contaminación que o seu vertido por separado.

A Directiva 91/157 CEE instaba ós Estados membros a adoptar medidas relativas á comercialización, recollida e valorización ou eliminación das pilas, con programas revisables cada 4 anos e que deberían establecerse a partir do 18 de marzo de 1993. Pero houberon de pasar 3 anos para que o Estado Español establecera os mecanismos propostos nesa Directiva Comunitaria; por fin, o BOE do 24 de Febreiro deste ano de 1996 publicaba o Real Decreto 45/1996 polo que se regulan diversos aspectos relacionados coas pilas e acumuladores que conteñan determinadas materias perigosas. Nel sinálase a prohibición de comercialización de aparatos nos que o usuario non poida extraer facilmente as pilas, obrígase a un mercado que inclúa o contido de metais pesados e a súa recollida por

## ¿Para cando a recollida selectiva de pilas?

separado, e responsabiliza ós órganos competentes das Comunidades Autónomas e entidades locais da recollida selectiva, da información ós consumidores e da elaboración de programas de redución do contido de metais pesados nas pilas e do tratamento final destas.

O Real Decreto xa entrou en vigor. ¿Estarán as Administracións locais e autonómica preparando campañas de recollida selectiva de pilas? ¿Seremos, por fin, receptores de campañas oficiais respecto ós perigos que entraña a súa eliminación incontrolada e facilitarannos contedores suficientes? A Xunta de Galicia (Consellería de Industria) anunciaba en Febreiro do ano pasado a distribución nese mesmo ano de 3803 contedores para pilas entre os concellos galegos. Non parece que os contedores chegaran ós seus destinos, e a maioría dos Concellos non parecen preocupados por ofrecer unha recollida selectiva das pilas. ¿Ata cando haberá que esperar? ■

Colección **BAHÍA VERDE**

### O papel da natureza.

LIBROS PARA AMAR O PARAÍSO

**Guía das Aves de Galicia** / C. Pedreira, X.M. Penas e C. Silvar

**Baldaio: Espazo natural protexido** / Coord. C. Vales, C. Fraga

**O Forgoselo** / C. Vales

**Espacios Naturais de Galicia. A Coruña.** / C. Caramelo, P. Martínez, S. Reiriz, E. Vales

**Guía did. de fungos e cogumelos de Galicia** / Ch. Gómez, A. Franco

**Guía did. da flora e vexetación de Galicia** / E. Niño

**Guía did. de árbores de Galicia** / E. Niño

**Guía did. dos feitos de Galicia** / E. Niño

**Guía did. da contaminación atmosférica** / R. Varela

**Ecosistema mariño: o intermareal** / J. Del Río, S. Picos, V. Varela, A. Veiga

**Ecosistema mariño: o infralitoral** / J. Del Río, S. Picos, V. Varela, A. Veiga

**Baldaio. Productividade natural** / ADEGA

**Os bosques atlánticos europeos** / Coord. C. Vales

**Os residuos na Galiza** / R. Varela, X. Pedreiras, M. Soto

**Aprendendo coas aves** / C. Pedreira e C. Silvar



**BAHÍA**  
EDICIONES

Píde-os na túa librería.

Ou chama a Bahía Edicións. Tlf. (981) 28 81 25